

O agasallo universal dun valedor de noso

Como nos contos tradicionais. Tres agasallos: un penedo, unha árbore –a bidueira– e un espazo público onde ficará o seu nome. A homenaxe *O escritor na súa terra* –que organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)– recoñecía onte en Vilalba a **Agustín Fernández**

Paz, o escritor nado nesta vila luguesa ao que as letras galegas lle deben algunhas das novelas máis profusamente devoradas e reeditadas das últimas décadas. Os libros de Agustín Fernández Paz, que onte se declaraba “honrado” pola homenaxe dos seus compañeiros da escri-

CADRO DE HONRA



Agustín Fernández Paz

Homenaxeado polos escritores en lingua galega

ta, son material da súa vida, extraídos palabra por palabra das súas propias emocións, pródigos en amor e en memoria, impecábeis na súa estrutura, tamén na súa verdade. Esa singular sinxeleza –que aniña tamén no seu carácter fundamentalmente humano– volveu erguerse onte nun tributo no que o

autor evocou o “agasallo maior” do idioma, a lingua de Galicia, da que el fai defensa, fortaleza, agasallo universal. Como en San Simón –no fermoso discurso que leu na entrega dos Xerais– Fernández Paz falou co acerto e a lucidez que lles está reservado a uns poucos, aos mellores.